



CONCELLO DE TOQUES

CONCELLO DE TOQUES

Lugar de Souto
15806 Toques (A Coruña)
NIF: P-1508400G
Tfno.: 981 505 826 fax 981 506 255.
Páxina web: www.toques.es
Email: correo@toques.es

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA.

Visto que é necesaria a licitación e adxudicación da autorización de uso do café-bar situado no recinto da piscina municipal, debido á proximidade das datas de verán, e a súa inminente apertura en próximas datas;


Vistos os informes da secretaría e da intervención deste Concello asinados en data 19 de xuño de 2020, realízanse diversas variacións no prego de cláusulas administrativas particulares como consecuencia da entrada en vigor da nova Lei de Contratos do Sector Público (Lei 9/2017, de 9 de novembro);

Tendo en conta as miñas competencias como xefe de servizos do concello, e de conformidade coa normativa de réxime local **R E S O L V O** :

PRIMEIRO.- Aprobar as presentes bases, que figuran como Anexo I, polas que se deberá de rexer o proceso de licitación e adxudicación da autorización de uso do café-bar situado no recinto da piscina municipal.

SEGUNDO.- Publicar a oportuna convocatoria no taboleiro de anuncios do concello sito na Casa Consistorial, na sede electrónica do Concello de Toques (<https://sede.toques.es>), así como a través de bandos do Sr. Alcalde nos lugares de interese.

En Toques o asina o Sr. Alcalde ante o Sr. Secretario na data que figura á marxe;



CONCELLO DE TOQUES

CONCELLO DE TOQUES

Lugar de Souto
15806 Toques (A Coruña)
NIF: P-1508400G
Tfno.: 981 505 826 fax 981 506 255.
Páxina web: www.toques.es
Email: correo@toques.es

ANEXO I

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS E TÉCNICAS PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO ADMINISTRATIVO ESPECIAL DE CESIÓN TEMPORAL DE CAFÉ-BAR NA PISCINA MUNICIPAL DE TOQUES.

1ª. OBXECTO

O presente prego ten por obxecto a contratación da autorización de uso temporal das instalacións de café-bar na Piscina municipal. (Concello de Toques).

O contrato definido ten a cualificación de contrato administrativo especial, tal e como establece o art. 25.1.b) da nova Lei 9/2017, de 9 de novembro, de contratos do Sector Público, así como autorización de uso do dominio público municipal segundo o establecido no art. 92 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas.

2ª. NATUREZA DO CONTRATO E PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN.

Contrato administrativo innominado encadrable como contrato administrativo especial, a tenor do previsto no art. 25.1.b) da nova Lei 9/2017, de 9 de novembro, de contratos do Sector Público, correspondente tamén a unha cesión temporal do uso demanial.

A adxudicación do contrato farase mediante a modalidade de contratación menor onde o único criterio de valoración das ofertas será o prezo á alza, con suxeición ao presente prego de cláusulas administrativas e técnicas particulares, e disposicións vixentes naqueles preceptos que sexan de aplicación.

O contrato, pola súa contía (60,00 euros) e duración (3 meses) ten a consideración de contrato menor, polo que se adxudicará a aquel que, logo de cumprir coa normativa contractual en canto á capacidade para contratar coa Administración, presente unha oferta máis vantaxosa a xuízo do órgano adxudicatario, que é a Alcaldía.

Para iso publicitarase o presente prego a través da colocación de bandos, na sede electrónica do Concello (<https://sede.toques.es>) e no taboleiro de anuncios do Concello sito na Casa Consistorial coa finalidade de outorgar a máxima publicidade posible para que os interesados poidan presentar ofertas no Concello, durante o período comprendido entre o 22 de xuño e o 1 de xullo de 2020, ambos incluídos (prazo de 10 días naturais).

A adxudicación requirirá que previamente se presente a documentación á que se alude na cláusula 7 do presente prego.



CONCELLO DE TOQUES

CONCELLO DE TOQUES

Lugar de Souto
15806 Toques (A Coruña)
NIF: P-1508400G
Tfno.: 981 505 826 fax 981 506 255.
Páxina web: www.toques.es
Email: correo@toques.es

3ª. CANON


A contraprestación pecuniaria mínima que deberá satisfacer o adxudicatario fíxase en 20,00 € (vinte euros) mensuais e poderá ser mellorada á alza polos licitadores nas súas proposicións. Os gastos de subministro de enerxía eléctrica, recollida de lixo e subministro de auga enténdese que están incluídos no canon, sendo a cargo do concello.

Considérase que este canon de autorización está exento de IVE, segundo a normativa reguladora do imposto.

4ª. CONDICIÓN DE PRESTACIÓN

A prestación do servizo de café-bar na piscina municipal axustarase ás seguintes condicións.

A) Condicións xerais.



O horario de apertura e peche cubrirá, tendo presente o carácter recreativo da piscina, polo menos o horario de 12:00 a 21:00 horas.

- O adxudicatario recibirá o edificio e as súas instalacións tal e como se atopan na actualidade e deberá mantelo en perfecto estado de conservación durante o período de adxudicación e ata a súa finalización.
- A prestación do servizo de bar- cafetería, ademais de utilizar as instalacións conforme ao seu destino hostaleiro, suporá a limpeza e mantemento do propio local.
- Non poderán realizarse obras nas ditas instalacións sen a preceptiva licenza municipal.
- O adxudicatario ten o deber de custodiar e coidar o material e as instalacións de titularidade do Concello.
- O adxudicatario ten o deber de controlar o acceso á piscina municipal, previa presentación do correspondente abono ou entrada. O incumprimento desta obriga suporá a resolución do contrato de concesión de maneira automática.

B) Condicións hixiénico-sanitarias.

O concesionario, na prestación do servizo de café-bar situado na piscina municipal deberá cumprir coa normativa estatal e autonómica en materia de sanidade alimentaria e, en particular:



CONCELLO DE TOQUES

CONCELLO DE TOQUES

Lugar de Souto
15806 Toques (A Coruña)
NIF: P-1508400G
Tfno.: 981 505 826 fax 981 506 255.
Páxina web: www.toques.es
Email: correo@toques.es

-Real Decreto 3484/2000, de 29 de decembro, polo que se establecen as normas de hixiene para a elaboración, distribución e comercio de comidas preparadas (BOE nº 11 de 12 de xaneiro de 2001).

-Decreto 290/2003, do 4 de xuño, polo que se fixan as normas relativas á formación de manipuladores de alimentos, o procedemento de autorización de empresas e entidades de formación e se crea o rexistro das mesmas (DOG Nº 123 de 26 de xuño de 2003).

-Regulamento (UE) núm. 852/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, relativo á hixiene dos produtos alimenticios (DO-L 139, de 30/04/2004, con corrección de erros no DOUE nº 226 de 25/06/2004).

- Real Decreto 640/2006, de 26 de maio, polo que se regulan determinadas condicións de aplicación das disposicións comunitarias en materia de hixiene, da produción e comercialización dos produtos alimenticios (BOE nº 126 de 27 de maio de 2006).

- Real Decreto 109/2010, de 5 de febreiro, polo que se modifican diversos reais decretos en materia sanitaria para a súa adaptación á Lei 17/2009, de 23 de novembro sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio e á Lei 25/2009, de 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio (BOE nº 44 de 19 de febreiro de 2010).

De igual maneira, cumprirá coas normas sobre prohibición de subministro de bebidas alcohólicas e tabaco a menores de idade.

Poderán ser servidos refrescos e bebidas e ,ademais, bocadillos, tapas e racións, repostería e confeitaría e menú variados.

As persoas ao coidado e atención do servizo estarán obrigatoriamente en posesión do carné de manipulador de alimentos vixente ou do certificado de formación en hixiene de alimentos e observarán a máxima pulcritude no seu aseo persoal; empregarán no seu traballo un vestiario en correcto estado de limpeza.

Todos os produtos alimenticios serán depositados en baldas de forma que se impida o seu contacto co chan. Estas baldas serán de material distinto á madeira, con superficies lisas e de fácil limpeza.

Os produtos sen envasar (bocadillos, tapas, etc.) expostos ao público estarán protexidos en vitrinas, en refrixeración, se así o precisan, e protexidos da luz do sol.

As mesas e as superficies de traballo serán lisas e de fácil limpeza.

As instalacións deberán manterse nas debidas condicións de limpeza, desinfectarse e desratizarse periodicamente.

Os produtos de limpeza, desinfección e desratización gardaranse separados do almacén de alimentos.

Os utensilios, louza e cubertos que se usen e que non sexan desbotables serán hixienizados por métodos mecánicos provistos de sistemas que aseguren a súa correcta limpeza e desinfección (art. 3.6 do RD 3484/2000).



CONCELLO DE TOQUES

CONCELLO DE TOQUES

Lugar de Souto
15806 Toques (A Coruña)
NIF: P-1508400G
Tfno.: 981 505 826 fax 981 506 255.
Páxina web: www.toques.es
Email: correo@toques.es

Dispoñerán dos equipos e instalacións de conservación de temperatura regulada coa capacidade suficiente para os alimentos que así o requiran. Estes equipos contarán con sistemas de control colocados en lugares facilmente visibles (termómetros).

O interior das cámaras frigoríficas manterase sempre en perfecto estado de limpeza e non presentará deterioro. Os alimentos almacenaranse ordenadamente e protexidos para evitar o contacto entre eles e máis a transmisión de olores.

Quedarán prohibida a tenencia de animais. O permiso para a entrada de animais levados polos clientes é potestativa do titular do negocio de hostalería, sempre que permanezan na instalación os usuarios e non accedan ás áreas de manipulación de alimentos.

Todos os útiles de servizo e traballo como mesas, recipientes, máquinas, coitelos e similares lavaranse con lixivia ou con outro desinfectante despois de cada xornada de traballo e sempre que sexa preciso.

A instalación deberá contar cun lavamáns provisto de auga fría e quente e con dotación hixiénica con papel e xabón para lavar as mans.


Os servizos hixiénicos contarán con papel hixiénico, xabón, toallas dun só uso ou secadores de mans automáticos. En todo momento estarán en perfecto estado de limpeza.

C)

Clausula COVID- 19: Como consecuencia da emerxencia sanitaria

polo COVID-19 que tivo lugar dende o pasado mes de marzo e que derivou na declaración do estado de alarma por razóns sanitarias, o Concello de Toques esixirá ó adxudicatario das instalacións do café-bar da Piscina municipal que, durante o periodo de apertura, se cumpran todas as medidas de prevención que se recollen e regulan na RESOLUCIÓN de 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se da publicidade ó Acordo do Consello da Xunta, de 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición hacia unha nova normalidade.

En virtude do exposto, o protocolo de aviso en caso de incumprimento de maneira continuada (facendo caso omiso ás advertencias por parte do socorrista ou do persoal do bar municipal) por parte das persoas usuarias da piscina das medidas contempladas na devandita Resolución será, en primeiro lugar, a notificación ó Concello de tal circunstancia mediante calquera tipo de comunicación coa finalidade de que o Concello poña en coñecemento das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado (a Garda Civil) dito incumprimento para que se persone na piscina ós efectos oportunos.



CONCELLO DE TOQUES

CONCELLO DE TOQUES

Lugar de Souto
15806 Toques (A Coruña)
NIF: P-1508400G
Tfno.: 981 505 826 fax 981 506 255.
Páxina web: www.toques.es
Email: correo@toques.es

D) O Concello adscribe ao cumprimento do contrato o material que se atopa actualmente no establecemento para o cal, antes da apertura, persoal do Concello deberá facer un inventario que será remitido ás dependencias municipais e ao adxudicatario, previa sinatura das 2 partes.

A custodia, a conservación e o mantemento do citado material correspóndelle ao adxudicatario.

Ao rematar o prazo de vixencia deberá entregarllo ao Concello en perfectas condicións.

En caso contrario, o Concello esixirá o abono do seu importe ou a súa restitución por bens equivalentes.

O adxudicatario colaborará co persoal municipal con destino na piscina municipal (socorrista, etc.), así como cos corporativos competentes, para a vixilancia e correcto uso e utilización pública do recinto municipal; dará conta ao concello das posibles deficiencias acontecidas durante a vixencia do contrato, coa maior inmediatez posible.

5ª. PRAZO

A prestación do servizo abranguerá dende a data de apertura, prevista para o 5 de xullo de 2020, ata o 4 de outubro de 2020 (3 meses). A adxudicación actual non xenera ningún dereito ou preferencia para sucesivas contratacións en anos vindeiros.

6ª. CAPACIDADE PARA CONTRATAR

Poderán concorrer por si mesmas ou por medio de representantes as persoas naturais ou xurídicas, españolas o estranxeiras que, tendo plena capacidade de obrar, non estean comprendidas nalgunha das circunstancias que enumera o artigo 71 da nova Lei 9/2017, de 9 de novembro, de Contratos do Sector Público que regula as prohibicións de contratar. Terá así mesmo a habilitación profesional necesaria para realizar a prestación.

7ª. DOCUMENTACIÓN ESIXIDA PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO

Será requisito previo e imprescindible para a adxudicación do contrato que se presente a seguinte **DOCUMENTACIÓN**:

A) Documento acreditativo da personalidade xurídica do empresario:

A-1) Empresario individual: fotocopia do DNI, pasaporte ou documento que o substitúa.

A-2) Persoas xurídicas: escritura de constitución ou modificación de ser o caso, rexistro mercantil, cando este requisito fose esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable.



CONCELLO DE TOQUES

CONCELLO DE TOQUES

Lugar de Souto
15806 Toques (A Coruña)
NIF: P-1508400G
Tfno.: 981 505 826 fax 981 506 255.
Páxina web: www.toques.es
Email: correo@toques.es

Se non o fose: escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acto fundacional, no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscrito, de ser o caso, no correspondente rexistro oficial.

-Fotocopia da tarxeta do código de identificación fiscal (CIF), debidamente cotexada.

A-3) Empresas estranxeiras de estados membros da Unión Europea:

- Se a lexislación interna do seu Estado esixe a inscrición nun rexistro profesional, será suficiente acreditar esa inscrición.
- Se o seu Estado non ten establecido ese requisito, a capacidade de obrar acreditarase mediante un certificado expedido pola embaixada de España no Estado correspondente.
- Ademais, en ambos os casos, declaración asinada de sometemento expreso á xurisdición dos Xulgados e Tribunais españois de calquera orde para as incidencias que de forma directa ou indirecta puidesen xurdir do contrato, con renuncia ao foro xurisdiccional estranxeiro do licitante.

A-4) Empresas estranxeiras de estados que non sexan membros da Unión Europea:

- Certificado acreditativo da súa capacidade de obrar expedido pola embaixada de España no Estado correspondente no que se acredite que figuran no Rexistro local profesional, comercial ou análogo ou, na súa falta, que actúan con habitualidade no tráfico local no ámbito de actividades que constitúen o obxecto do contrato.
- Ademais, informe da respectiva representación diplomática española de que o Estado de procedencia da empresa estranxeira admite, á súa vez, a participación de empresas españolas na contratación coa Administración, en forma substancialmente análoga. Están exceptuadas de presentar este informe as empresas dos Estados signatarios do Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial do Comercio; en caso de concorrer esta causa de excepción, presentárase declaración responsable para o efecto, debidamente asinada.

■ E, en todo caso, declaración asinada de sometemento expreso á xurisdición

dos Xulgados e Tribunais Españois de calquera orde para as incidencias que de forma directa ou indirecta puidesen xurdir do contrato, con renuncia ao foro xurisdiccional estranxeiro do licitante.

B) Poderes:

Cando o licitador non actúe en nome propio ou se trate de sociedade ou persoa xurídica, deberá acompañarse un poder notarial para representar á persoa ou entidade en cuxo nome concorre ante a Administración contratante.



CONCELLO DE TOQUES

CONCELLO DE TOQUES

Lugar de Souto
15806 Toques (A Coruña)
NIF: P-1508400G
Tfno.: 981 505 826 fax 981 506 255.
Páxina web: www.toques.es
Email: correo@toques.es

O poder deberá figurar inscrito previamente no Rexistro Mercantil nos casos en que a dita inscrición sexa esixida polo Regulamento do Rexistro Mercantil.

C) Validación de poderes:

Os poderes aos que se refire o apartado c) da presente cláusula, deberán validarse previamente polo Secretario da Corporación ou por un funcionario habilitado.

D) Prohibicións para contratar ou incompatibilidades:

Declaración responsable de que a empresa interesada non está incurso en ningunha das prohibicións para contratar ou de que non presenta incompatibilidades establecidas nos artigos 70 e 71 da lei 9/2017, de 9 de novembro, de Contratos do Sector Público axustado ao seguinte modelo:

“D./Dna. _____, con DNI _____

e domicilio en _____, provincia de _____,

rúa _____ núm. _____, en nome propio ou en representación da empresa _____, á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de autorización de uso temporal das instalacións de café-bar na área recreativa da Cornella (Concello de Santiso), declara que nin a empresa nin os seus administradores ou órganos de dirección están incurso en prohibicións de contratar coa Administración establecidas nos artigos 70 e 71 da Lei 9/2017 de contratos do Sector Público.

Declaro dispoñer da habilitación profesional necesaria para realizar a prestación dun servizo de hostalería e a manipulación e comercio de alimentos.

Así mesmo declara que está ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

(Lugar, data e sinatura do proponente)”

E) Unións temporais de empresas.

Indicación dos nomes e circunstancias das empresas que a constitúen, participación de cada unha delas e compromiso de se constituír formalmente en UTE no caso de resultar adxudicatarias, de conformidade co artigo 69 da Lei 9/2017 de contratos do Sector Público.

F) Declaración de empresas vinculadas.

No suposto de que a empresa concorra á licitación con empresas pertencentes a un mesmo grupo, nos termos aos que se refire os arts. 70 e 140 da lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, presentárase necesariamente unha declaración na que se



CONCELLO DE TOQUES

CONCELLO DE TOQUES

Lugar de Souto
15806 Toques (A Coruña)
NIF: P-1508400G
Tfno.: 981 505 826 fax 981 506 255.
Páxina web: www.toques.es
Email: correo@toques.es

indicará esta circunstancia e o nome ou a denominación social destas; deberá constar este documento en cada unha das ofertas formuladas por todas as empresas vinculadas que concorran á licitación.

8ª. GARANTÍAS CONTRACTUAIS

Consonte ao disposto no art. 106 da lei 9/2017 de Contratos do Sector Público os licitadores quedan dispensados da constitución da garantía provisional.

Non se esixe a constitución de garantía definitiva por importe do 5% do prezo mínimo do contrato de cesión segundo o establecido no artigo 107.4 da lei 9/2017 de contratos do Sector Público xa que se considera que se trata dun contrato de concesión de servizos de escasa cuantía (60,00 euros) e de duración mínima (3 meses).

9ª. ADXUDICACIÓN DO CONTRATO

O contrato será adxudicado polo Sr. Alcalde en favor daquela empresa ou autónomo que, sendo admitida á licitación, oferte o canon máis alto.

10ª. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

A formalización do contrato deberá efectuarse non máis tarde dos 3 días hábiles seguintes a aquel en que se reciba a notificación da adxudicación aos licitadores, na data que sinala a Administración.

11ª. GASTOS DE TRIBUTOS

Deberá aboar os tributos que pesen sobre o contrato ou, de ser o caso, sobre o obxecto do contrato.


12ª. PRAZO DE INICIO

Inicialmente prevista para o 5 de xullo de 2020; se non fose posible o inicio nesta data daráselle coñecemento ao adxudicatario da nova data de inicio.

A mora do adxudicatario para iniciar a prestación do servizo non requirirá a previa intimación pola Administración.

13ª. ABONO DO CANON

O primeiro dos pagamentos mensuais (o que corresponde co mes de xullo) deberá efectuarse antes da formalización do contrato.



CONCELLO DE TOQUES

CONCELLO DE TOQUES

Lugar de Souto
15806 Toques (A Coruña)
NIF: P-1508400G
Tfno.: 981 505 826 fax 981 506 255.
Páxina web: www.toques.es
Email: correo@toques.es

As restantes mensualidades, antes do día 5 de cada mes. Para estes efectos, debe presentar dentro dos ditos prazos a xustificación do ingreso na conta aberta en CAIXABANK a nome do Concello, que se indicará.

Cando o mensalidade contractual non coincida co mes natural, o cálculo do canon a pagar realizarase do seguinte xeito: canon de adxudicación/ 30 díasX número de días de servizo efectivo; (exemplo: canon de 30 € no mes de xullo = 30/30X10= 10,00 €).

14ª. CALIDADE DOS SERVIZOS E DIRECCIÓN TÉCNICA

O adxudicatario deberá realizar as prestacións do presente contrato nas condicións máis óptimas de calidade e utilizará os medios persoais e materiais e os produtos máis adecuados para garantir a súa óptima execución.

O Concello poderá verificar en calquera momento a correcta execución do contrato e poderá solicitar a documentación que considere oportuna e facer as inspeccións que considere necesarias.

15ª. CUMPRIMENTO DA NORMATIVA LABORAL, DE SEGURIDADE SOCIAL E FISCAL

O contratista obrígase ao cumprimento, baixo a súa exclusiva responsabilidade, das disposicións vixentes en materia de dereito do traballo, seguridade social, protección á industria, seguridade e hixiene no traballo, prevención de riscos laborais e calquera outras de xeral observancia.

Especialmente, o contratista obrígase ao cumprimento da normativa ditada polo Estado ou a Comunidade Autónoma reguladora da actividade obxecto do presente contrato, quedando obrigado fronte ao Concello se este fora ser sancionado por incumprimento da citada normativa.

O contratista deberá cumprir coas disposicións aplicables en materia de actividades recreativas e establecementos públicos.

Faise constar que o presente contrato non se atopa gravado por ningún plantel de persoal, sendo, polo tanto, a cargo do adxudicatario todas aquelas obrigacións derivadas da contratación do persoal que empregue na explotación, xa sexan estas de Seguridade Social ou calquera outro carácter.

O contratista deberá cumprir coas disposicións aplicables en materia de fiscalidade.

16. MODIFICACIÓN E SUSPENSIÓN

O réxime de modificación do presente contrato rexerese segundo o disposto nos arts. 203-207 da lei 9/2017 de contratos do Sector Público, de modo que o presente



CONCELLO DE TOQUES

CONCELLO DE TOQUES

Lugar de Souto
15806 Toques (A Coruña)
NIF: P-1508400G
Tfno.: 981 505 826 fax 981 506 255.
Páxina web: www.toques.es
Email: correo@toques.es

contrato só poderá ser modificado por razóns de interese público nos casos e na forma prevista nos mencionados artigos.

Nestes casos, as modificacións acordadas polo órgano de contratación serán obrigatorias para os contratistas. As modificacións do contrato deberán formalizarse conforme ao disposto no artigo 204 da lei 9/2017 de contratos do Sector Público.

A suspensión do presente contrato rexerese segundo as previsións do artigo 208 da lei 9/2017 de contratos do Sector Público.

17ª. PRAZO DE GARANTÍA

O prazo de garantía do contrato será dun mes. Se durante o dito prazo se acreditase a existencia de vicios ou defectos nos servizos prestados, a Administración terá dereito a reclamar do contratista a emenda ou a rectificación que corresponda.

Se remata o prazo de garantía sen que a Administración teña formulado algún dos reparos ou a denuncia á que se refire o art. 305 da lei 9/2017 de contratos do Sector Público, o contratista quedará exento de responsabilidade por razón da prestación efectuada, procedendo a tramitarse a devolución de oficio da garantía no prazo máximo de outro mes.


18ª. CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Serán as previstas no artigo 211 da lei 9/2017 de contratos do Sector Público, cos efectos previstos nos artigos 212, 213.

Ademais, serán causas específicas de resolución:

- 1) Trato incorrecto ao público.
- 2) Deficiente estado de conservación ou mantemento das instalacións e dependencias no que se refire ás condicións hixiénico-sanitarias da propia cafetería.
- 3) Deficiente calidade dos produtos e das súas condicións hixiénico -sanitarias.
- 4) Incumprimento dos horarios.
- 5) Prezos abusivos.
- 6) Incumprimento reiterado do réxime xeral de acceso á piscina.
- 7) Incumprimento reiterado do labor de vixilancia e control das medidas de prevención reguladas na Resolución de 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se da publicidade ó Acordo do Consello da Xunta, de 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición hacia unha nova normalidade.

19ª. PRERROGATIVAS DA ADMINISTRACIÓN



CONCELLO DE TOQUES

CONCELLO DE TOQUES

Lugar de Souto
15806 Toques (A Coruña)
NIF: P-1508400G
Tfno.: 981 505 826 fax 981 506 255.
Páxina web: www.toques.es
Email: correo@toques.es

O Concello manterá as potestades de policía que lle son inherentes, e ostentará en todo momento a competencia que ten atribuída, o que xustifica o control da explotación e a inspección do servizo en calquera momento, e conservará os poderes de policía necesarios para asegurar a boa marcha do servizo, o cal poderá ser modificado ou suspendido por razóns de interese público.

En particular, o Concello ostenta as seguintes potestades:

1º) Fiscalizar a través do alcalde, do concelleiro delegado competente ou de persoal habilitado para iso, o exercicio da actividade autorizada. Para ese efecto poderá inspeccionar o local, o servizo, as instalacións e ditar as ordes necesarias para mellorar ou restablecer a debida prestación e desenvolvemento do servizo.

2º) Asumir temporalmente a execución directa do servizo nos casos en que non se prestase ou non se puidese prestar adecuadamente polo adxudicatario, por circunstancias imputables ou non ao mesmo.

3º) Impor ao adxudicatario as correccións pertinentes por razón das infraccións que cometese.

4º) A intervir o servizo, e esixir ao contratista a indemnización dos danos e prexuízos causados, se mediase unha perturbación grave, non reparable por outros medios, cando a administración non optase pola resolución do contrato, e ata que dita causa desapareza.

5º) A rescatar o servizo ou suprimilo por razóns de interese público.

6º) O Concello conservará os poderes de policía necesarios para asegurar a boa marcha do servizo, podendo dar as ordes oportunas a tales efectos.

7º) Así mesmo, de conformidade co disposto no art. 261 da lei 9/2017 de contratos do Sector Público, o Concello ostenta as prerrogativas de interpretar o contrato adxudicado en virtude deste prego, resolver as dúbidas derivadas do seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta.

20ª. RÉXIME XURÍDICO

O presente contrato ten carácter administrativo especial e ambas as partes quedan sometidas expresamente á lexislación de contratos do sector público, de patrimonio das administracións públicas e normas complementarias e, de ser o caso, da Comunidade Autónoma de Galicia nos termos do artigo 149.1.18 da Constitución, así como as demais disposicións de desenvolvemento, en especial o Regulamento de desenvolvemento; supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Contra os actos e acordos que se susciten con motivo do presente contrato e que poñan fin á vía administrativa procederá o recurso contencioso-administrativo, conforme ao disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo da posibilidade de interpor previamente, con carácter potestativo, recurso de reposición.



CONCELLO DE TOQUES

CONCELLO DE TOQUES

Lugar de Souto
15806 Toques (A Coruña)
NIF: P-1508400G
Tfno.: 981 505 826 fax 981 506 255.
Páxina web: www.toques.es
Email: correo@toques.es

Para resolver as cuestións xudiciais que xurdan con motivo do presente contrato os licitadores, con expresa renuncia ao foro que puidese corresponderlles, someténdose aos tribunais que teñan xurisdición sobre o municipio de Santiso.

ANEXO 1: MODELO DE OFERTA

Contratación da autorización de uso temporal das instalacións de café-bar situada na piscina municipal (Concello de Toques)

D./Dna, con DNI,
domicilio en, concello de
e nº de teléfono....., que actúa en nome propio (ou en nome e representación de....., con CIF/NIF....., domicilio en..... e nº de teléfono.....) fai constar:

1º- Que coñece e acepta o prego de cláusulas polas que se rexe este contrato e ten a habilitación profesional para a realización do obxecto do contrato, comprometéndose ao cumprimento estrito das obrigas establecidas.

2º- Que oferta o canon mensual de € (en número); de euros (en letra) polo uso das instalacións.

En....., ade de 2020

O licitador (asinado e rubricado).



CONCELLO DE TOQUES

CONCELLO DE TOQUES

Lugar de Souto
15806 Toques (A Coruña)
NIF: P-1508400G
Tfno.: 981 505 826 fax 981 506 255.
Páxina web: www.toques.es
Email: correo@toques.es